La Voz de Galicia
HEMEROTECA
lavozdegalicia.es

EL TIEMPO
Predicción para 8 días
Consulta el tiempo en tu ciudad

NUEVOS SERVICIOS
Noticias escritorio
Titulares RSS

ANUNCIOS
Contrate a
Anuncios
de La Voz



CULTURA Y TV

LUNS, 13/3/2006

# Escritores entre os grelos



**Crónica**

É sabido que hai moitas feiras de escritores, pero o que non hai son escritores nas feiras. Esta eiva foi sandada onte no mercado de Carballo, cunha insólita iniciativa que se espallará por Galicia

**(s. g. | carballo)**

? iniciativa chámase Biblos Difusión, xurdiu pola traballo da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Galiza Nova de Bergantiños e o Biblos Clube. Naceu onte na feira de Carballo, á que acudiron dez escritores. «Se a xente non se achega á literatura, pois achegámonos nós á xente», explicaba a autora María Canosa Blanco.

Estableceron tres maneiras de aproximarse ao público. No xardín, na beira dos postos dos froitos da horta, ergueuse unha carpa, na que todos os que se achegaban a ela participaban en xogos: unha sopa de letras, un dameiro, completar uns versos... Pasaron ao redor de trescentas durante a mañá, e os que xogaban ben marchaban contentos e cuns libros de agasallo. Todos, sen distinción, levaron un folleto de catro páxinas co relato ***Amor ás cegas*** , de Francisco Fernández Naval, unha historia de amor que protagonizan dous invidentes.

A outra maneira de achegarse á xente era o reparto desa folla a pé de mercado. Oı directamente a paseantes, mercantes e visitantes. O propio Fernández Naval colab ledo pola acollida. E con anécdotas tamén: «Algúns, cando vían que o folleto poñía pensaban que era algo da Biblia. E dicían, ¡iso é da igrexa dos protestantes!», expl divertido. «Algo protestantes si que somos, porque protestamos moito», engadiu T de Biblos.

A terceira vía foi a máis ***achegada*** de todas. Os escritores tiñan que participar nur dispersarse pola feira para ver quen os coñecía. O que máis autores ollase, non tiñ ir á carpa da organización para dicir cantos contara e participar no sorteo dun bo lc

Non foi ninguén.

Malia todo, a experiencia, primeira en Galicia deste tipo desde os anos vinte, encar autores. «É un contacto por inmersión, e de paso a ver se apaño unhas cebolas», c Yolanda Castaño antes de, efectivamente, mercalas.

Cando todos marcharon, deixáronlle un feixe de folletos a Alfredo Brañas, sedente na rúa Coruña, para que seguise repartindo.

Publicidad



Portada


Secciones
Portada
Titulares
A Fondo
Galicia
Opinión
España
Internacional
Marítima
Economía
Deportes
Sociedad
Cultura y TV
Tecnología
Tendencias
Última

Ediciones
A Coruña
A Mariña
Arousa
Barbanza
Carballo
Deza-Tabeirós
Ferrol
Lemos
Lugo
Ourense
Pontevedra
Santiago
Vigo
Madrid

Tarifas
Publicidad: publicidad@lavozdegalicia.es
Contacte con nosotros: web@